

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO DO PLENO DO
CONCELLO DE MURAS O DÍA 26 ABRIL 2018**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Muras, o día 26 de abril de dous mil dezaoto, reúnese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DON CARLOS CARBALLÉS PENABAD
DON MARIO ROUCO REI
DON JOSÉ DANILO REQUEIJO CASTRO
DONA ROSARIO CECILIA REY LÓPEZ
DON JOSÉ PAJÓN PENABAD

Da fe do acto o Secretario do Concello don Froilán Pallín Seco.
Sendo as vinte horas e dez minutos pola Presidencia declárase aberta a sesión.

De seguido sométense a debate e aprobación os seguintes asuntos:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Sr. Alcalde:

Ben..imos comezar este pleno ordinario, no cal un dos puntos do día sería aprobar acta das sesións anteriores. A única acta que temos para aprobar e a do Pleno Extraordinario do 18 de Abril de 2018.

O Pleno Extraordinario e para traer o punto de aprobación da memoria do Plan Único que temos do día 18. Non sei se tedes algo que decir .. ¿ Danilo ?.

Don Danilo Requeijo : Non , está o que aprobamos o outro día, estou de acordo.

Sr. Alcalde : Vale ¿ Mario ? .

D.Mario Rouco : Non teño nada que decir.

Sometida a acta anterior a votación aprobase en votación ordinaria por unanimidade.

2º RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Sr. Alcalde : O punto número 2 : Ben traemos a pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito para facer o pago de facturas correspondentes ó ano 2017. Nós segundo recibimos as facturas que executa o gasto no Concello damos orde inmediatamente de facer o pago das facturas. A contabilidade é responsabilidade de Secretaría-Intervención.

Chegados a inicio do ano 2018 atopámonos cunha serie de facturas, que estaban sen pagar. Falado este tema con secretaria intervención, nos dín que hai que levalas a un recoñecemento extraxudicial de crédito. Isto debe ser que non se rematou a tramitación administrativa, aínda que estaban conformadas as facturas por parte de Alcaldía no ano 2017.

Atopámonos co traballo sen facer e non nos queda outro remedio dentro das diferentes posibilidades, logo de consultar a asesoría xurídica da Deputación de Lugo e tamén dándose a circunstancia de que Silvia se puxo de baixa.

A mellor opción que nos atopamos e traer a este Pleno o recoñecemento extraxudicial de crédito desas facturas. En principio estas facturas aprobaranse así hoxe, á próxima semana pagaranse a principios da mesma. E coas facturas, que se van a pagar a próxima semana, estas que veñen a recoñecemento extraxudicial de crédito e as correspondentes ó ano 2018, quedaríanos aproximadamente unha demora dun mes no pago da factura entre que se recibe no Concello e se executa o seu pago.

Basicamente esta é a cuestión do primeiro punto. Non sei se tedes algo que dicir. Esta operación de recoñecemento extraxudicial de crédito témolas todos os anos.

Interven Don Danilo : Se non están pagadas hai que pagalas. É cousa de secretaría, eso será legal completamente. As facturas, os provedores teñen que cobrar que é o normal. Nós neso estamos de acordo.

Sr. Alcalde : Moi ben ¿ Mario ?

Don Mario : Realmente, o que se falaba, se estaba polo procedemento previsto realmente así o facíamos e así o fixemos, elevamos o que é a facturación das mesmas ás partidas correspondentes asociadas ó orzamento que tiñamos e conformadas encima no 2017. É dicir, con un recoñecemento de crédito podemos pagalas.

Sr Alcalde : Votos a favor de aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Votación : Votan por unanimidade dos presentes o recoñecemento extraxudicial de créditos .

3º PUNTO : PLAN NORMATIVO ANUAL 2018.

Sr. Alcalde: Ben o seguinte punto sería: O Plan Normativo anual 2018. O ano pasado xa aprobamos unha proposta do Plan Normativo Municipal, e este ano temos, que volver a traelo a Pleno. O Plan Normativo Municipal, aínda que aprobemos, inda que aprobemos tal cal, se trae hoxe a Pleno, pódense introducir modificacións no mesmo, sempre coa aprobación do Pleno, entendo, ¿non Froilán?. A proposta da Alcaldía para someter a aprobación do Pleno da Corporación a consulta Pública sobre as ordenanzas que se pretenden modificar, crear e modificar a través do portal web do Concello de Muras, na que reclamará a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas, potencialmente máis afectadas polas futuras normas que temos establecidos no Artigo 133. Son as seguintes:

- Ordenanzas:

- Ordenanza Reguladora de Taxa por Expedición de Documentos Administrativos, nesta ordenanza preténdese actualizar os prezos das taxas pola expedición dos documentos aquí no Concello.
- Ordenanza Regulado do Servizo de Axuda no Fogar, preténdese actualizar a ordenanza anterior, que regula o Servizo de Axuda no Fogar que está vixente.
- A Ordenanza Fiscal do IBI, que pretende corrixir erros da última modificación.

- A Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos de Axuda no Fogar (SAP), que pretende actualizar os prezos que deben pagar os usuarios e usuarias pola parte da prestación deste Servizo Público.
- Ordenanza Reguladora das Axudas o Pago da Factura eléctrica veciños e veciñas de Muras, que pretende regular de forma xenérica permanente as axudas do Concello, que ven aprobando no ano tras ano, mediante unhas bases ó pago dunha factura eléctrica dos veciños e veciñas.
- A Ordenanza Reguladora de Axuda de Emerxencia Social, que pretende regular a prestación de atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultades derivada na maior parte das veces, pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos ou son necesarios para mantemento dunha forma de vida compatible coas dignidade que a persoa ten dereito, co que incluso ten preciso en determinadas ocasións para a súa supervivencia.

Esta é a proposta do Plan Normativo Municipal do Concello de Muras para o ano 2018, tráese aquí a aprobación a Pleno. ... Danilo....

Don Danilo: Si nosoutros vamos a estar de acordo. Pero. ¿Canto se cobra aquí porcentualmente das taxas de licenza por obras? Porque non sei, si se cobra o mínimo ou se cobra máis.

Sr. Alcalde: eu non sei se é o mínimo, pero cobrar cobrase o 4%.

D. Danilo: Pero nosoutros queríamos ou propoñemos que se cobrara o mínimo. Non sei canto é o mínimo que se cobra, entón estamos pagando ordenanzas e nosoutros queremos propoñer que se cobrara o mínimo polas licenzas. E bueno para facer un alpendre ou calquera cousa, montaste nunha pila de cousas que tes que cobrar e inda tes que pagar unha licenza agora, unha pila de cartos. E a xente e unha cousa que lle vai o bolsillo.

Sr Alcalde: Revisámolo.

D. Danilo: Revisámolo haber... haber canto da a Lei.

Sr. Alcalde: Primeiro, non é cuestión que nós queiramos baixar ó mínimo, inda que teñamos intencionalidade, e dicir, hai unha normativa que temos que respectar, non sabemos si establece un mínimo.

D. Danilo: Pois o que digo eu. Eu non sei canto é o mínimo. Secretaría xa mirará cal é o mínimo, que ten este Concello. ¿Qué non sei canto é o mínimo?

D. Froilán: Non sei canto está, a verdade. Isto é un modo de orientación.

D. Danilo: Estamos de acordo nisto do Fogar e tódalas cousas que se van facendo, que se poden modificar en calquera momento.

Sr. Alcalde: Ben .. eh Mario.

D. Mario: Unha das cousas que podemos axilizar ou ter máis en conveniencia é todo o que é as autorizacións previas, as licenzas de obra e todo o que é as autorizacións previas, as licenzas de obra e todo o que é a parte que compete a urbanismo. Considero que, está moi ben, por que os primeiros puntos, que levamos, que había, falamos de tres, que son bastantes importantes, que son os de Axuda do Fogar, o SAF e o que realmente a Axuda de Emerxencia Social.

Falamos tamén, da Bolsa de Emprego, realmente creo que aí, vamos ter que dar modificacións no sentido, que tamén, modificar témola que modificar. Por exemplo, non exime que haxa Bolsa de Estudantes ou falamos do do Lixo e máis cousas, que están repetidas, hai dereito a modificacións de plano exterior. Todos estamos de acordo niso. E para rematar falamos das taxas e todo iso, eu creo que hai que o primeiro, que hai que facer algo que sexa máis áxil que é o Concello de cara a urbanismo, a axilidade é o principal. Despois o do canón, do pago, volvemos as mesmas, está ben dentro da normativa eu considero, que eu si que realmente o que damos por un lado vai polo outro. O que falamos sempre, nos estamos aquí para rexistrar o que temos de cartos e intentar producir o mesmo que se pode gastar. E dicir, para que nosoutros non recirculemos é o final teñamos débedas, sobre todo a Terceiros e débedas a Terceiro, que máis ten. Realmente considero que axilidade sería prioritaria.

Sr. Alcalde: Pos imos a votar esta proposta do Plan Normativo para o ano 2018. Votos a favor de aprobar esta proposta.

O Pleno, por unanimidade dos presentes aproba o Plan Normativo para o ano 2018.

4º. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Sr. Alcalde: Ben, o seguinte punto é Dación en conta de Resolucións de Alcaldía que tedes a vosa disposición arriba en Secretaria, simplemente comentarvos que das obras tiñamos adxudicadas do ano 2017 iniciaron hoxe o Plan o proxecto, que eran os accesos a Maciñeiras, Sanguñido e a Estrada que une, perdón a Fonte que une coa Fonte coa Estrada da Deputación, que se vai arranxar e están xa botando aglomerado hoxe no acceso a Maciñeira, non sei si xa empezaron, en Sanguñido. Temos pendentes a sinatura da adxudicación do Proxecto de Eficiencia Enerxética para Moncho y Santomé, do Plan Único da Deputación, que entran 29 punto de luz, aproximadamente, non se si son 29 ou 30, entre esa cifra está. E ben, a empresa que leva ese proxecto Moncho e Santomé. Nos próximos días se adxudicará esa obra, e pasarán xa, imaxino que antes das Festas de San Pedro, as farolas xa estarán instaladas. E así, máis adxudicacións, a última que está sen adxudicar, está resolto o concurso, que falta a adxudicación e a baixa do Plan Único da Deputación do ano 2017, que a leva Saveedra y López, e era para arranxos de accesos no Pico Verde, accesos en Coruxos e accesos as Bouzas, arriba na Xestona, na casa de Margarita, calquera outra cuestión me podedes preguntar, e vos comento.

Don Danilo: E da Fonte.

Sr Alcalde: Na parte do Viveiró.

Don Danilo: Ahh no Viveiró, pensei que decías esta...

Sr. Alcalde: Na casa de Victor.

Don Danilo: Ahh, vale. Na casa de Victor, eu tamén falache dos puntos de luz, porque saíu unha cuestión que aprobamos unha modificación de créditos, xa fai tempo e puntos de luz aínda estaban sen poñer. Entón xa están adxudicados.

Sr Alcalde: Si

Don Danilo: Vale.

Sr Alcalde: Unha parte do proxecto, por exemplo nas Cuiñas, creo que estiveron estes días, pero esa parte vai no Fondo de Compensación Medioambiental, estiveron estes días aumentado, seguro que ¿xa tedes luz, non?

Don Danilo: Si, pero eso hai que cambialo, que che explique eu, aquilo aluma para as pradellas, vas alí de noite, en vez da casa para as pradellas.

Sr Alcalde: Hai que regulalo.

Don Danilo: Non, non eu foi o que lle dixen, a luz ten que estar, ademáis estaba ahí a da beira do río, non sei se pasache pola beira do río, igual que ten o paisano, na casa da beira do río, encima da casa e aluma todo ó redor. Pero ti vas polo outro lado e non che aluma.

Sr. Alcalde: Vale, maña veñen .

Don Danilo: Eu xa lle protestei, ó Moncho, e dixo non hai problema que se cambia. Xa llo dixen que aquilo non valía para poñer alí, aluma nunha pradella que hai enfronte dúas farolas, pero diante da casa apagase, pero a que hai posta de antigamente e diante da casa non ves.

Sr. Alcalde: Revisaremos o antes posible, ides quedar moi contentos que o resto dos veciños quedaron moi contentos. Iso é o que trasladan.

Don Mario: No ben, fora do que falache, perdón para non incentivar novos proxectos nin nada, correcto, alí si que está, xa teño que falar con vós, realmente a Maciñeira e todo iso, os arranxos de Saavedra. Eu o que digo sólo e que realmente esperamos que sexa o novo comezo, porque temos moitas pendentas e sobre todo polo bo tempo, demasiadas. Dous plans únicos, que polo mal tempo de xaneiro, ben sabemos todos que Saavedra e López, entre as prorrogas e posibilidades que tivo foron bastante duras nestes catro primeiros meses do ano, realmente e do Plan Único do ano pasado, 26 actuacións, 26 núcleos do Concello. Con vías que penso que son bastante visibles que aprobamos outro día, que se puideramos sacar neste ano moito mellor e o cemiterio. Falabamos do Fondo Medioambiental.. falamos do Plan Novo de Rehabilitación das vivendas da Deputación, o que falabas agora mesmo non solo desa fase de luz que aínda queda a terceira parte, que aínda estamos falando. Que nesta segunda e onde vai a concentración do Vilar....

5º. ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Alcalde: Pasamos o punto rogos e preguntas. Non sei se tedes algo..

Don Danilo: Bueno un punto, o cambio de publicación das farolas.

Sr. Alcalde: Si..

Don Danilo: A moción, Hai unha moción aprobada do 25-10-2016, e iso seguimos igual que estabamos, non se fíxo, bueno fíxose o arranxo da pista de Invernés, e aí tamén hai que, para min e para o noso punto de ver, alí ven a auga de onde lle chaman a Fonte de Perros, que hai unha fonte enriba, e aquilo baixa a auga desde aquela fonte, e ven todo pola cuneta abaixo. Había que mandar os aparellos, que alí hai un rego que ven das pradellas de Invernés, e desviar aquela auga para aquel rego, senón temos seguido unha pila de auga correndo na cuneta, e aí a tendencia a eses terrapléns, porque xa se van onde e perigo e xa se foron cinco ou seis. Onde vive Paquiño foise outro ó río, que pasou acolá a Silán, foise este de Invernés e a cousa e areosa e colle auga e despois vaise esa bolsa con todo.

Sr. Alcalde: Tomamos nota e revisamos.

Don Danilo: Por eso a moción 25/10/2016, que había o de Invernés, había que facer o paso canadiense no pastizal, quedara Mario de falar cos veciños na Balsa, bueno quedara eso. A reparación da pista de Currás o Campo do Foxo, que era un camiño, refacer a cuneta ou recher a cuneta do lado dereito na pista que vai a Orxás, reparación do camiño que sale no Cotelo. Facer a cuneta que vai desde Samil a Ponte de Samil. A pista do Pazo, a pista dos Acibreiros.

Sr. Alcade: Na Ponte de Samil enviouse xente do Concello a traballar.

Don Danilo: A pista está igual.

Sr. Alcalde: Pista do Pazo e de Currás- Campo do Foxo, nas dúas primeiras hai que facelas e na última xa se fixo actuacións. E os pasos canadiense no Pastizal da Balsa non é competencia do Concello, e de Acciona.

Don Mario: Estou totalmente de acordo.

Don Danilo: Da moción dos Montes da Gañidoira.

Sr. Alcalde: Solicitouse no Registro de Propiedade e en Catastro e documentación ós veciños, para revisar tódalas solicitudes e un tema complexo que non se resolve rápido.

Don Danilo: hai 55 solicitudes na Xunta de veciños, non e tan lento o tramite só a remisión dos documentos.

Don Mario Rouco: Que os accesos a Muras e marquesiñas, todas as estradas da Xunta están en mal estado, e que o Sr. Balseiro esixa que estean as estradas en bo estado.

Sr. Alcalde: O Sr Balseiro ven visitar o punto limpo, puntos de luz e se trasladará que revise o mal estado dos accesos a Muras e as Marquesiñas.

Don Danilo: En referencia ó PAI, que os nenos de Muras teñan un desconto ou beneficio que sexa legal.

Sr. Alcalde: Sete cuestións están previstas:

- O Sr Balseiro a de vir ver unha obra programada para aprobación da subvención, que é o punto limpo, a de recollida para orgánicos, pero é unha referencia.
- A reparación das Cuiñas e o alto da Gañidoira, perdeuse unha subvención do equipo de Goberno anterior, e xa se reparou.
- En Vedille romperon unha tubaría na limpeza de cunetas, que se arranxará e así a tódolos veciños.
- Os depósitos de auga, as augas deben cumprir os requisitos mínimos, estar dados de alta os pozos e augas e os depósitos son propiedade do Concello, inda que estiveran feitos en fincas privadas.
- Paseo da Veiga: esta sen rematar e se vai facer.
- A auga de Musdradas e un proxecto que pertence o Fondo de Compensación.
E para rematar as actas atrasadas están en Secretaría, debido a baixa de Silvia.

Don Mario: Primeiro o PAI se baixa a cota ós nenos de Muras, iso ía nas bases. Segundo o do lixo vai no fondo de compensación, en canto o punto limpo antes non había e incluír o funcionamento desto no lixo leva tempo, as Cuiñas está metido nun plan único, vamos atrasados.... A auga ten que estar legalizada.....

Don Danilo: O do PAI esa bonificación non é para a beca. Os depósitos foron postos en terreos e algúns eran meus e non firmei ningún papel ó Concello como que llo cedía.

Sr. Alcalde: Os depósitos son do Concello, vai a un avogado e consúltao.

Don Mario: Os montes da Gañidoira, ¿por qué eses terreos están a nome do Concello? E se meten a nome do Concello, e métense en Patrimonio Municipal, ¿por qué?.

Sr. Alcalde: Ímoslle dar unha volta ó tema. Os montes da Gañidoira estamos traballando para que volvan ós seu propietarios. E rematamos o tema aquí. No 2004 o equipo de Goberno do Partido Popular o inventaria como propiedade do Concello, non se fala outra cousa. Dámoslle unha volta o tema o expediente da Gañidoira. Damos por rematado o pleno.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina comigo o Alcalde-Presidente, e de todo o que, Eu como Secretario dou fe.

No Salón de Plenos do Concello de Muras, a 26 de abril de 2018